

LIQUIDAMBAR



- **Nome científico:** *Liquidambar styraciflua*
- **Nome vulgar:** Liquidambar, Liquidambar americano, Árbore do ámbar
- **Familia:** Hamamelidáceas
- **Orixe:** Norteamérica
- **Flores:** Masculinas en acios terminais e femininas globosas e pedunculadas. Árbore monoica.
- **Follas:** Caducas, palmadas e lobuladas, de 7-25cm, e pecíolo de 6 a 10cm. Teñen 5 a 7 lóbulos dentados e puntiagudos e son follas alternas e non opostas coma nos arces. No outono vólvense alaranxadas, vermellas ou púrpuras.
- **Froitos:** Cápsulas esféricas con aguillóns que colgan tras caer as follas.
- **Codia:** Con profundas gretas das que se extrae unha resina aromática
- **Usos:** Ornamental pola súa beleza e para obter bálsamo de styrax

